

ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a necesidade de proceder por parte do Pleno da Corporación a aprobar a o convenio de Colaboración entre o Concello de Oroso e a Deputación Provincial da Coruña para a remodelación da Avenida da Grabanxa que non pode demorarse para o seguinte pleno ordinario tendo en conta a necesidade de comezar as obras canto antes e dentro deste exercicio así como de proceder a aprobar dúas operacións de recoñecemento extraxudicial de crédito así como resolver dous expediente de bonificación do ICIO que tampouco poden demorarse para o seguinte pleno ordinario.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023. E que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro permite a celebración de sesións extraordinarias que non cumpran coa periodicidade das sesións ordinarias fixadas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e tendo en conta a necesidade de proceder a aprobar os citados asuntos no prazo mais breve posible non sendo posible a súa demora para o seguinte pleno ordinario. Considerando polo tanto non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 29/04/2025

Hora: 09:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 09:00 h. a 2.ª, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1.-Aprobar se procede o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Oroso para a execución do proxecto de remodelación da Avenida da Grabanxa (EXP. 2024/A7/000001).

2.-Aprobar se procede a bonificación do ICIO no exp. urb 008/2022 de licenza de obra e actividade de nave con destino a uso de almacén de maquinaria agrícola no lugar de Couso, Senra, solicitada por Dª. Pilar Castro Calvo. (EXP. 2022/U022/000002).

3.-Aprobar se procede o acordo relativo á solicitude de bonificación do ICIO no exp. Urb. 006/2023 de licenza de obra para estabulación libre de gando vacún de leite e fosa de purín

na parcela 899 do plano de concentración parcelaria de Senra – Cardama – Vilarromarís II, próxima ao lugar de Ventosa, parroquia de Cardama solicitada por D. Emilio Manuel Cores Fernández (EXP. 2023/U022/000002).

4.-Aprobar se procede, previo levantamento de reparo o recoñecemento extraxudicial 4/2025 (Exp. 2025/G006/000042).

5.-Aprobar se procede, previo levantamento de reparo, o recoñecemento extraxudicial 5/2025 (Exp. 2024/X998/000265).

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.gov.es/portal/aceso>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.
Federico Suárez Cancelo.